A Voz do Condado

Voceiro da Xunta de Veciños do Condado

Ano II — Nadal 78 - Especial Constitución — Núm. 7 - 2 pesos

EDITORIAL

No Prat (Catalunya) como en Coia (Vigo), varias familias foron desaloxadas, espulsadas das suas vivendas é obrigadas a pasar varia noites frias de novembro en plena rua.

En Manresa como en Ponteareas, existen almacens de gas instalados no centro da Vila; nun radio de 350 mtrs. viven miles de persoas.

Gandesa (Valencia) coma o Condado son zoas de moi boa producción de viño. Iste ano a colleita foi bastante boa con respeto a outros anos, pro curiosamente baixaron os precios no mercado.

Na Celulosa (Pontevedra) unha esplosión de un deposito de cloro matou a dous obreiros e feriu de gravedade a outros cinco.

Xosé Manuel foi condenado a seis meses de arresto menor, nun xuicio celebrado en Pontevedra, acusado polo ladrón falsario, sinvergoña, déspota e cacique meiranda que pariu o Condado (Pepe Castro).

Na Residencia Almirante Vierna sigue a morrer xente por mala asistencia médica debido a falla de instalacións en urxencias. No Condado e noutras comarcas os que xa ingresan cadaveres por non haber tido unha asistencia inmediata e urxente contanse por centos.

Os obreiros da construcción siguen a morrer por falla de seguridade no traballo (4 no mes do outono).

Os mariñeiros sintense obrigados a sair ao mar pra non non saben cando voltaran se os collen outros países (os armadores quedan na casa).

O soldo dos diputados e de 80.000 pts., as pensións de retiro poucas pasan das 8.000 pts. con familia a manter, o seguro de paro dura 18 meses pro naide garantiza traballo o seu remate. A sra. María de profesión bordadora, gaña 1.400 pts. por mes por confección a ganchillo de un manteles que logo vendense nas tendas a 25.000 pts. cada un .

Os traballadores de Corfi atopanse na rua e sin traballo por peche patronal, sin cobrar un soio pataco dende fai 5 meses.

O diputado Letamendia, moi honestamente, persentou a sua dimisión parlamentaria. Gabriel Cisneros, Franquista cando Franco, represor cando a represión máis feroz, e membro hoxe da U.C.D. pra seguir chupando do bote, nas suas declaracións lamenta que non se procesara a Letamendia polas suas intervencións na Camara de Diputados. Cisneros houbera querido incluso dirixir o pelotón de fusilamento. Probe home.

As costas das rias galegas enchense de merda.

O Plan de Ordenación do Condado, querennolo aprobar na contra do sentir popular.

Os nenos das aldeias non teñen preescolar, os dos pobos e as cidades si, outra ves, neno rico, neno probe.

O «Presidente da Xunta de Galicia» (Rosón da U.C.D.) é un ASESIÑO... ETC. ETC. ETC....

E pra remate final a manifestación contra o terrorismo. Non dicen cotra cal. Quizais alguen pense que é contra os desaloxos, contra os almacens de gás, contra os salarios de fame ou desasalariados, contra os asesiñatos cometidos por falla de medios sanitarios, contra as instalacións asesiñas, contra esplotadores e ladróns do pobo é do seu patrimonio, contra terroristas historicos coma Gabriel Cisneros e Rosón, en suma contra da EXPLOTACION DO HOME POLO HOME que MATA lentamente.

O que pense iso equivocase, iso non ven o caso.

Galegos NON VOTAR

que nos volven engañar

Constitución de Súarez é Cia.

Estos días tanto a televisión, como a radio e os xornáis andan boureándonos a cabeza co tema da Constitución. Cadaquen ten a sua posición encol do asunto e poucos son, os que até agora deixaron de pronunciarse.

Namentras unhos dín unha cousa outros aducen outra. Os partidos parlamentarios —agás o Partido Nacionalista Vasco— dín que debemos votar cun SI grande rotundo, outros, os partidos extraparlamentarios, soen aconsellar o NON ou a ABSTENCION.

Ante istas opciós habería que preguntarse qué faguer. Esto é importante porque poucos son os que explican —agás a dereita— con nidieza o porque do seu consello. E esto é importante pra non outurar á tola por ista ou aquela outra resposta ante tal referedum.

Compría emprincipiar por decir que a Constitución que agora se somete a Referendum ven ser algo así como o alborque dunha obra rematada. Trátase, xa que logo, de pedir a opinión encol da obra ós veciños.

Pro, ¿cómo foi feita esta obra? Unhos, habería que decir, traballaron co estraperlo, namentras outros, os que agardaban millor tallada, tiveron que abandonar a sua situación de cómplices e, agora que está rematada, denuncian a ilegalidade da obra e póñenlle, además, as chatas pertinentes. Non cabe dúbida que vál más tarde que nunca, dí o refrán; pro o que si nos parece xusto é reflexar a distintas opinións encol da Constitución que unhos e outros teñen. Deixaremos a unha veira a todos aqueles partidos —pois a íles nos estamos referinde —que redactaron a Carta Constitucional, que ben ó caso. Imos disterir, por que isto é importante a aqueles que dín NON dende unha oución de dereitas —Fuerza Nueva, Falange etc.— e aqueles outros que rexeitan a Constitución, dende a esquerda. Compre faguer isto pra non misturar a unhos e outros. Cada quen no seu sitio. Non quixeramos inducir ós nosos leutores a un barullo intencionado por mór de non clarexar esta situación.

A dereita cavernicola —Falanxe, Fuerza Nueva, a Hermandad Sacerdotal, etc— opóñense á Constitución porque dí que é atea, e non séi que outras trosmadas. Estes quixeran cas cousas seguiran como os corenta últimos anos. Son por decilo dalgún xeito, os parentes máis tercos da dereita; pois os outros como todos sabemos —Alianza Popular, Unión de Centro Democrático...— saben cas cousas habia que cambealas. Xa se sabe, os tempos son outros e...

Hai quenes dín que esta xente non representan problemas e que son poucos. A nós parecenos que é unha simpleza decir tales cousas. Nos tempos que andamos hai moitos cambea-chaquetas, e polo mero feito de estaren a prol da Constitución, nesta ocasión, non siñifica que manteñan unha posición progresista, precisamente. Oxe están polo SI e mañán estarán polo NON a unhos axuntamentos democráticos e desprovistos de elementos corruptos.

O SI e mailo NON non son sinónimos de posiciós progresistas ou reaccionarias. Estes SIS e máis estes NONS que pregoan agora moitos non son máis ca resposta a unha situación moi concreta. Unha vez aprobado este texto, o comportamento, precisamente daqueles que din SI, váise trocar nun NON teimudo e prolongado ós cámbeos que o noso pobo necesita.

Como vemos hai unha necesidade evidente de clarexar quénes son unhos e quénes son os outros. Descartemos, xa que logo, a aqueles reaucionarios que din NON, porque quixeran revivir a Franco e seguir enchendo as cadeas de demócratas como o difuntiño —que o demo teña aló e nono deixe revivir— fixeran, daqueles outros que inda pregoando o NON fáno dende a esquerda.

Tanto a unhos como a outros témolos ouvido acotío. As diferencias son notorias e pouco máis falaremos nós acó, que os nosos leutores non seipan.

A VOZ DO CONDADO tiña que definirse ante o referendum e non deixar que sólo foran outros os que dixeran que actitude tomar diante da data tan sinalada. Pra elo estudamos o texto Constitucional tódalas veces que nos foi obrigado e chegamos ás seguintes conclusións:

1. —A Constitución que se presenta a referendum o próuximo 6 de nadal é o resultado dun proceso que se inicia o 15 de xunio do ano 1976, e que promovéu un goberno que non fora elexido polo pobo. Aquel goberno Suárez p e outros— foran membros dos diversos gobernos franquistas. Eles mismos redactaron a famosa Lei pra Reforma Política.
2. —A Lei pra Reforma Política supoñía a evolución do réximen franquista mantendo na ilegalidade a moitos partidos políticos e sin amnistía; esto é, unhas condiciós antidemocráticas.
3. —O feito de que participaran moitos partidos dos que hoxe están no Parlamento e máis outros que non están supuxo un aval político que a dereita soupo aproveitar en beneficio propio.
4. —A Lei pra Reforma Política non podía dar máis de sí, que non fose a actual Constitución ateigada de cortapisas pra o noso pobo en concreto, e pra os máis, en xeral.
5. —O 15 de nadal do ano 76 tódolos partidos políticos chamaron á ABSTENCION ante tal Reforma Política; e como queira que oxe, como decimos, esta Constitución é o cúmio da devandita lei, coidamos que a postura abstencionista débese manter como un xeito de rexeitamento conscente.

Estas conclusións son sóio as fontes das cales nasce o texto que agora criticamos polo miudo.

Rexeitamos a Constitución porque o art. 34 dí: «Recoñocese a libertade de empresa no marco da economía de mercado».

O cal quere decir que serán sempre unhos poucos os que controlarán a producción, sin tér en conta pra nada a todos os que traballamos arreo, as oito horas e máis, decote.

Rexeitamos a Constitución por que no art. 33 recoñoce o lock-out (peche patronal) dos capitalistas e a intervención do Estado nos conflictos obrei-

Pasa a páxina 3 ☞

Declaración universal dos dereitos dos pobos

LIMIAR

Vivimos tempos de grandes esperanzas, máis tamén de profundas inquietudes;

—tempos cheos de conflictos e de contradiccións;

—tempos nos que as loitas de liberación ergueron aos pobos do mundo contra das estructuras nacionás e internacionáis do imperialismo, chegando a derrubar sistemas coloniáis;

—tempos de loitas e de victorias nos que as nacións dótanse, entre elas ou no interior de cada unha delas, de novos ideais de xusticia;

—tempos nos que as resolucións da Asamblea Xeral das Nacións Unidas, dende a Declaración Universal dos Dereitos Humáns á Carta dos Dereitos e Deberes económicos dos Estados, expresaron a percura dun novo orde político e económico internacional.

Pero son tamén tempos de frustacións e de derrotas onde novas formas de imperialismo aparecen pra asoballar e explotar aos pobos.

O imperialismo, con procedimientos pérfidos e rutáis, coa complicidade dos gobernos amiudo instalados por el mesmo, continúa a dominar unha parte do mundo. Pola intervención direita ou indireita, por medio das empresas multinacionáis, pola utilización de políticos locáis corruptos, pola axuda a réximenes militares baseados na represión policial, a tortura a exterminación física dos seus oponentes, polo conxunto de prácticas ás que se deu en chamar neocolonialismo, o imperialismo estende a súa acción sobre de numerosos pobos.

Conscentes de interpretar as aspiracións da nosa época, reunímonos en Arxel pra proclamar que tódolos pobos do mundo teñen o mesmo dereito á libertade, o dereito a liberarse de toda inxerencia estranxeira e de dotarse do goberno da súa elección, o dereito, se son asoballados, a loitar pola súa liberación o dereito a beneficiarse na súa loita da axuda de outros pobos.

Persuadidos de que o respeto efectivo dos dereitos do home implica o respeto aos dereitos dos pobos, adoptamos a DECLARACION UNIVERSAL DOS DEREITOS DOS POBOS.

Que todos cantos, a traveso do mundo, sosteñen o gran combate, pola libertade do tódolos pobos, ás veces coas armas na man, atopen na presente declaración a seguridade da lexitidade da súa loita.

SECION I

Art. 1. Todo pobo ten dereito a existencia.

Art. 2. Todo pobo ten dereito a conservar a posesión pacífica do seu territorio e de voltar a el en caso de expulsión.

Art. 4. Ninguén pode ser, en razón da súa identidade nacional ou cultural, obxeto de masacre, tortura, persecución deportación, expulsión, ou sometido a condicións de vida cuia natureza comprometa a identidade ou a integridade do pobo ao que pertence.

SEION II

Dereito á autodeterminación política

Art. 5. Todo pobo ten dereito imprescindible e inalienable á autodeterminación. E a decidir o seu estatuto político en completa libertade e sin ningunha inxerencia exterior.

Art. 6. Todo pobo tén dereito a liberarse de todo asoballamento colonial ou estranxeiro, dereito ou indireito, e de tódolos réximes racistas.

Art. 7. Todo pobo tén dereito a un réxime democrático que represente ao conxunto de cidadáns, sin distinción de raza, sexo, creencia, ou color e capaz de asegurar o respeto efectivo dos dereitos humáns e das libertades fundamentáis pra todos.

SECCION III

Dereitos económicos dos pobos

Art. 8. Todo pobo tén dereito exclusivo sobre das súas riquezas e dos seus recursos naturais. Tén dereito a recuperalos se lle foron expoliados, así como a revisar as indemnizacións inxustamente pagadas.

Art. 9. Todo pobo tén dereito a participar no progreso científico e técnico como patrimonio común que é da humanidade.

Art. 10. Todo pobo tén dereito a que o seu traballo sexa xustamente valorado e a que os intercámbeos internacionáis se fagan en condicións de igualdade e equidade.

Art. 11. Todo pobo tén dereito a dotarse do sistema economico social da súa elección e a seguir o seu propio camiño no desenrolo económico en completa libertade e sin inxerencias exteriores.

Art. 12. Os dereitos económicos devanditos deben ser exercidos nun esprito de solidaridade entre os pobos do mundo e tendo en conta os seus intereses respectivos.

SECION IV

Art. 13. Todo pobo tén dereito a falar a sua lingua, a preservar e desenvolver a súa cultura, contribuindo así ao enriquecemento da cultura da humanidade.

Art. 14. Todo pobo tén dereito ás riquezas artísticas, históricas e culturáis.

Art. 15. Todo pobo tén dereito a que non se lle impoña unha cultura que lle sexa estraña.

SECION V

Dereito ao medio e aos recursos comúns

Art. 16. Todo pobo tén dereito á conservación protección e mellora do seu medio ambente.

Art. 17. Todo pobo tén dereito á utilización do patrimonio común da humanidade, como a alta mar, o fondo do mar, o espacio extra-atmosférico.

Art. 18. No exercicio dos devanditos dereitos todo pobo debe ter en contra a necesidade de coordinar as esixencias do seu desenvolvemento económico e as da solidaridade entre os pobos do mundo.

SECION VI

Dereito das minorias

Art. 19. Cando un pobo constitue unha minoría no seu dun Estado, tén dereito ao respeto á súa identidade, ás súas tradicións, á súa lingua e ao seu patrimonio cultural.

Art. 20. Os membros da minoría deben gozar sin discriminación, dos mesmos dereitos que os outros cidadáns do Estado e participar en igualdade de condición que eles na vida pública.

Art. 21. O exercicio destes dereitos débese facer no respeto aos intereses lexítimos da comunidade considerada no seu conxunto, e non debería atentar á integridade territorial e á unidade política do estado, sempre que éste se conduza conforme a tódolos principios enunciados na presente declaración.

A DECLARACION UNIVERSAL DOS DEREITOS DOS POBOS, foi firmada en Arxel o 14 de Xulio de 1976 por persoalidades como Lelio Basso, François Rigaux, Laura Allende, Leo Matarasso e representantes de movementos de liberación, que lla propuñeron á ONU pra súa adopción.

A Eirexa Camaleón prehistórico

A pesares do seu Arcaismo, do seu sin sentido, da sua irracionalidade, a Eirexa sigue xogando un papel de pirmeira fila no mundo de hoxe.

Non se trata xa da sua omnipotencia que tibo noutras épocas. Antes os curas dende o pulpito conquerían maravillas: sometían a poboación aos poderes máis despóticos, baixo a ameaza do inferno; a resignación ante a propia miseria a cambeo do paraiso tras a morte, esta era a droga da ilusión pra soportar os catro dias de perra vida que os esplotados é oprimidos tivemos sempre.

Hoxe pra conquerir efeutos similares xa non basta o cura, pro os anos e diñeiro acumulado por quenes predicaban a ausoluta probeza e as suas ventaxas, dotaron a Eirexa pra seguir sendo o aliado fidel do poder: a prensa, o televexo e a enseñanza, sustituien con ventaxa, ao cura.

Dende a morte de Franco a Eirexa do Estado Español xa non está tan respaldada como antes, ainda que o seu poder economico non desminuiu ren, ei estan pra ver as suas conocidas conesións cos altos orgaismos financieiros, BANCOS, INDUSTRIAS, INMOBILIARIAS etc. unhas vegadas por mediación de ordenes relixiosas (capuchinos xesuitas, etc) ou congregacions parecidas coma o OPUS DEI etc. Outras polo simple feito de que os direutores son «moi» católicos, outras porque a Eirexa e a 1.ª accionista cando non a Uneca. E todo isto levanos a perguntarnos si a reforma fiscal fora mínimamente seria, canto pagaría a Eirexa polos bens que teñen e que según cifras moderadas sobrepasan os 500.000 mil millóns de pesetas? Por outra banda ¿non e tráfico de divisas mandar os cartos a Roma?

Digoio porque o do Domund vai a Roma ¿ou non?

E pergunto isto porque fixense vostedes: En Italia no ano 1978 pouco dempois da eleución de León XIII e seguindo as suas instruccións fundouse o banco di Roma. Iste inicialmente financiou as sociedades dirixidas por católicos vinculados a Santa Sede e que tiñan carregos na adeministración romana. Seguidamente convirtese nun dos bancos meirande de Italia que se interesa na espansión colonial do país (foi un dos que impulsaron a Italia a guerra de Turquia e a conquista de Libia) a principios do século XX). Cecais os mortos desas guerras non eran humans.

Recentemente vimos a Sr. Papa implorar de rodillas pola vida de Aldo Moro, pro non polos mortos en Palestina, nin en Alemania, nin en Vietnan, nin polos fusilados do franquismo, nin polos guerrilleiros Sandinistas cando es negou a entrevistarse con o «Cardenal» cura asturian que loita contra da dictadura de Somoza.

Debe ser Sr. Papa que esisten vidas de duas clases. Seguro as dos probes duran menos e son máis puteadas. Pero iso a vostede non lle importa. O unico que lle importa como gran oligarquía é que o Vaticano teña baixo seu control os 2/3 das reservas económicas do país 400.000 millóns de liras, sobor de 600.000 millóns; que en Suiza os seus haberes sobrepasen os 400 millóns de francos; que en Francia teña invertido máis de 7.000 millóns, etc. etc.

Como queda demostrado estes oligarcas chamados Papas, son os homes que controlan máis diñeiro do capitalismo, son os meirandes puntales da esplotación do home polo home.

Vostede Sr. Papa é rico, inmensamente rico, por iso creo que cando fale de política (como a lei do aborto en Italia) non debe facelo como Papa senon como rico. Así estaba moito máis craro pra todos. Dista maneira todos entenderemos cal e o verdadeiro papel da Eirexa a que vostede representa: a defensa dos valores de bolsa, que si ben non son eternos, sin o son suficientemente duradeiros.

Cecais seña certo que esista un reino que non é deste mundo, personalmente o dudo, pro en cambeo teño a compreta seguridade de que o seu sr. Papa é perfeutamente localizable neste, e o seu templo non é o Vaticano senon o edificio aseptico da Bolsa de Wall Street.

Galegos NON VOTAR que nos volven a engañar

Ningun voto pra unha constitución de dereitas

A constitución é un engaño

E un engaño porque todos ises que dicen ser nosos representantes no Parlamento ou no Senado (que tanto ten) fixeron, trabucaronse, chaquetearon, e consensaron todo o que lles deixou o Sr. Suárez. Quen non se acorda do caso do Sr Iglesias Corral que foi apoiado pola Candidatura Democratica Galega, e despois en Madrí vendeuse a que máis lle pagou, que niste caso foi a UCD. Pensar que moitos galegos votaron por il pensando que iba a defennder os galegos e a Galicia !!!

Pois toda unha calaña dista xente, foron os que fixeron ise entorto que se chama CONSTITUCION. Feita a golpe de consenso, e de medo desestabilizador; pero coitados, os probes dos senadores e diputados terminaronna, eo derradeiro día aplaudian todos que era unha ledicia velos, todos de pe (menos Letamendia e Xirinacs) todos contentos de ver o guión da novela negra: CONSTITUCION terminada.

Agora que xa teñen arrematada queren obligarnos a ttodos a ser guionistas, convocandonos a un Referendum Nacional daqueles que nos facia o Paco no que xa todo esta dito, un solo ten que decir SI ou NON, ainda que non sepa o que dice si ou non.

Vostede leutor, ¿sabe o que dice a Constitución? Pero por Dios !!!! se o televexo anda todolos días a decirnos iso tan bonito de LIBERTADE; de que vostede ten **dereito** de que o **protexen,** e eu que sei mais... E claro un creelle todo iso e despois cando un ve unha inxusticia que clama o ceu e chamalle «cabrón» e mais outras cousas que agora non veñen o caso; o cacique de turno, resulta que isa «libertade» trabucase nun xuicio onde xa esta condeado a ir a cadea ou a pagarlle o cacique po las ofensas feitas a ise «ciudadano» que a Constitución protexe, pero non o paisano que sofre arreo, e que sempre ten deberes, pero nunca dereitos pois os dereitos sonche pra ises que ben saben o que a Constitución dice, e quere decir.

Supoñase que a Constitución garantizara o dereito de bañarse pra todolos españoles. ¿Canto tempo tardaría en ir aparecendo unhas disposicios adicionais que regularían cando, como, donde, e con quen o bañarse pode e debe facerse? Iste exemplo e axeitado pra demostrar no que quedaran as libertades, os dereitos e os deberes e pra quen van a ser. A Constitución e un gato por lebre, soio po la razón de que dice o contrario do que pensa coa intención de engañar, e se nos queren engañar non votar.

A constitución é a saude

Básandonos na xa dita neste voceiro definición de saude (BENESTAR FISICO, SIQUICO E SOCIO POLITICO DA PERSOA), que da OMS, tentaremos facer un analisis da relación Constitución - saude. A Constitución teóricamente defende as libertades individuales da persoa máis axiña, nega istas libertades dende o intre que pode declarar estados de esceción, nega o dereito a folga permite a flesibilidade de plantillas apoia a privatización da mediciña posto que defende a economía de mercado que e igual a Capitalismo (esplotación do home polo home) e por isto que nos rexeitamos ista Constitución, dende o punto de vista sanitario posto que defendemos o dereito que ten a persoa pra estar en posesión das suas libertades, pra conquerir de este xeito uns dos princi ios básicos da saude que pronuncia a OMS: benestar socio-político o que quer decir libertade pra desenrolar os seus pensamentos ideoloxicos e sociais.

A nos o galegos, negasenos a libertade a definirnos como pobo dende o intre que nos negan o dereito que temos a AUTODETERMINACION. Con isto agraban ainda máis os nosos problemas siquicos e socio-políticos.

Isto en canto aos conceutos políticos; entrando no aspecto económico, no artigo 34 dista Constitución feita co consenso de certos partidos chamados de esquerdas, di: se reconoce las libertades de empresa dentro del marco de economía de cercado» que e o mesmo que capitalismo máis con outro nome.

Que nos sepamos o capitalismo no mundo non e o sistema adecuado pra o pleno desenrolo dos pobos e dos cidadans por igual.

E craro, os intereses que predomiñan sobor das persoas son os da oligarquía capitalista.

A nos, os galegos, ista oligarquía capitalista do Estado español, dende moi antergo sempre nos esplotou, mandando a miles de hirmans a emigración, facendo separar a moitas familias, pais de fillos, hirmans de hirmans, amigos de amigos.

Ista oligarquía levamos ou millor dito nos sigue levando ao paro tentando por industrias contaminantes e nocivas pra nosa saude física, síquica e socio-política pois crean menos postos de traballo que destruien mandándonos polo tanto a emigración. Eiquí no Condado témola mostra do intento, de impor unha Celulosa co consenso dos caciques Castro e os seus sicarios Jorgito e Campos. Agora tentamos meter un plan no que entran Celulosas, Centrales Nucleares e toda isa merda que non queren no resto do Estado.

No artigo 39 fala da non socialización da mediciña, polo contrario falan da ponteciación da mediciña privada.

Niste artigo pretendese garantizar o direito a asistencia por igoal, ainda que non se define o xeito de levalo a cabo nun sistema que coleitiviza a asistencia sanitaria seguindo a manter a mediciña privada en dualidade coa estatal.

Isto ao longo de moitos anos demostrou que manten un sistema sanitario publico cun outo número de fraudes e irregularidades, indo en beneficio do seutor privado. Demostrando que non garantiza que todolos ciudadans tanto das cidades como do medio rural unha asistencia adecuada.

Creemos e por iso rexeitamos ista Constitución dende o punto de vista da saude, que non se pode rexir baixo as leises de economía de mercado.

Terrorismo Eleitoral

A farsa do Referendum montada pra o prousimo día seis de decembro, destiñase pra servir de cobertura legal e constitucionalizar dunha vegada por todas o predominio da burguesía sobor da crase traballadora, ao mesmo tempo que xustifica o coñecido lema feixista de «lei e orden» pra esplotar e reprimir a sua mellor vontade.

O imperialismo e a burguesia estatal estan xogando a fondo pra que o día 6 a xente dea o visto vo a ese enxendro chamado CONSTITUCION.

E normal que a DEREITA teña un evidente interes en constitucionalizar o seu poder, asi vemos partidos tales como UCD e AP os cales pola sua recente complicidade co fascismo por parte dos seus dirixentes, e de moitos que integran as suas fileiras, polos intereses a que estan ligados e que desesperadamente defenden, son partidos da burguesia mais reaucionaria fideles lacaios do imperialismo. Todo isto, adornado coa sua vorborrea demagoxica, mitineira, caciquil e telivisiva engañarán a moita xente logrando que voten SI, sin decatarse que estan apoiando a enimigos verdadeiramente mortales.

Dempois disto, penso que xa e hora de perguntarnos: ¿A quen defende a chamada «esquerda» parlamentaria con tanto afán? Isto e o mais lamentabel, posto que esta defendendo as migallas do poder que deica hoxe conquistou: Un «Socialismo» quado en Alemania, unhas concesions vergonzantes en Francia, unha participación oculto no poder en Italia ¿E eiqui? Eiqui nin iso. Eiqui os seus dirixentes vomitan odio e desprecio por todos aquiles seutores do proletariado e compesiñado que teñen estado ao frente das loitas nos derradeiros anos. Pra iles valen moito mais «las personas de categoria«, «las figuras insignes» tales como os Brandt, os Olof Palme, os Wilson, do que todos os traballadores xuntos. Estes «socialistas» e social-democrátas socios de Felipe Gonzalez teñen mostrado ben por Europa adiante o que valen: enemigos declarados dos traballadores, fideles xestores do capital e grandes lacaios do imperialismo. Tamen niste caso moita xente seguira os trazos do PSOE votando SI, tremendo erro xa que este SI, non implica camiñar hacia unha sociedade sin esplotación, sinon que este SI vai siñificar unha meirande esplotación pro iso si, constitucionalizada.

No que respeta ao Partido Comunistá, tendo sido no pasado a única forza orgaizada minimamente revolucionaria, hoxe non é máis que un partido con unha direución totalmente reformista ta, un partido que acumula numerosas e cada vegada máis traicións a crase obreira é, en definitiva un partido que opta polo legalismo constitucional, tendo como úneca estratexia o seu total dominio da crase obreira.

A verdade e que o P.C. vai empregar todas as suas forzas niste referendum, en base a que e preciso defender la «democracia» e moitos traballadores vanlle facer o xogo pensando que eisí van a resolver alguns dos seus graves problemas [illegible] nuda ironia, como si a direita algunha ves respetase as eleucións cando os resultados non lle conveñan. O caso Chileno é un craro exemplo do crime que representa lanzar ilusions eleitoralistas nos seo da crase traballadora.

Resumindo, na aitualidade o P.C. convirtiuse un encarnizado persecutor de todo espeutro político que se abre a sua esquerda, xa sexa no orde laboral, político ou sinxelamente do ativismo puro e simple ¿é todo isto en nome de oué? en nome do seu direito a tomar copas co rei ou xantar con Suárez. Do seu desexo en definitiva, de non ser considerado o parente probe e horteira a quen naide desexaba fai pouco sentar na sua mesa.

Non temos dubida por tanto que pra A.P., U.C.D. e PSOE a pesares das diferentes fraucións de crase cuios intreses representan, as eleucións ao Referendum Constitucional é unha campaña anticipadamente gaña por iste conxunto. Xa que ista batalla levada nun dos terreos privilexiados da burguesia, será gaña pola propia burguesia e pequena burquesia que engrose a meirande parte diste conxunto, apoiado polo reformismo dun PC que ten como uneca e principal meta de aituación o terreo constitucionalista, demostrando unha vegada mais o grado de traición que os seus dirixentes estan dispostos.

Todas estas organizacións políticas embarcanse nun xogo constitucionalista no cal a sementeira de ilusions pode ser estremadamente perigrosa. Polo tanto debemos construir unha poderosa barreira contra a penetración distas ilusions metidas dentro das cabezas dos traballadores. Ante isto xa non estamos soios, nas fabricas, nos campos en todolos pobos hoxe xurde a voz daqueles que loitaron e comprenderon que non foi a traverso de CONSTITUCIOS diste tipo como se conqueriron pequenas e grandes conquistas: os esplotados, os oprimidos, os desempleados, os pequenos campesiños, cuios problemas continuan por resolverse.

E polo tanto a ABSTENCION, nestas eleucions ao Referendun Constitucional a palabra de orden de todolos traballadores.

ABSTENCION siñifica o repudio por un poder e unha constitución que non resolve os problemas fundamentais da esmagadora maioria das crases traballadoras da nosa Nación Galega. Siñifica ao mesmo tempo que a resolución de todos istes problemas pasa pola Organización dos traballadores cara a REVOLUCION SOCIALISTA

ABSTENCION por tanto é o voto util daqueles pra quen o camiño non é esta constitución burguesa e que están dispostos a tomar as necesarias medidas pra unha saida da aitual situación.

Como colofón é honrando ao título diste artigo vou comentar unhas frases dun persoaxe moi coñecido e cecais tamen votado por vostedes nas derradeiras eleucions lexislativas: TIERNO GALVAN, este dichoso «viejo profesor» continua na sua desaforada carreira deica a chochez. Iste home dende que afiliose ao PSOE parece como si houbese perdido toda a sua indudabel brillantez inteleitual. Na aitualidade é algo así como un progoeiro aplicado do partido.

Eisi a sua derradeira parida constitui en afirmar textualmente que :«La abstención en el Referendum constitucional, es funesta para la democrácia».

De novo e recordando antergos inquisidores aterrase ao pobo con mil desmans, no caso de non aceitar as teorias dos iluminados. Porque no fondo nodese ser un modelico demócrata, e cagarse enriba do texto Constitucional, que non soio é insuficiente, escaso, carca, e retrogado senon que enriba non é Democrático.

Ou seña, menos lobos e a aceitar a posibel negativa do nobo a respaldar o que queren os politicos burgueses de «la nueva democracia».

A Constitución de Suárez e Cia.

(Ven da páx. 1ª.)

ros. Este artígo respaldaría a actitude feixista de empresarios como os de ASCON que mantiveron pechada as factorias perante sete meses.

Rexeitamos a Constitución porque consagra o apoio a Igrexa Católica (art. 16) e recoñoce o dereito a crear centros de ensino privado (art. 28) e afírmase que os poderes públicos axudarán a tais centros. Isto supón o apoio e subvención aos colexios e universidades que ten a Eirexa.

Rexeitamos a Constitución porque a Constitución négalle o dereito que teñen os pobos galego, vasco e catalán a decidir o seu destiño. Négalles, xa que logo o dereito á autodeterminación, e limitanos con autonomias administrativas.

Rexeitamos unha Constitución que marulleiramente, con verdadeira intencionalidade, pretende descalificar a concencia nacional do noso pobo, outorgándonos unha caricatura da autonomía que sóio vál pra que nos poñan máis impostos.

Veleiquí como unhos cantos artigos nos poden dar a medida exacta dunha Constitución que sigue, nas liñas xeráis, amosando unhas reglas que van coartar as posibilidás que temos como pobo.

Por ser unha constitución que emana dunha Lei pra Reforma Política; por ser unha Constitución que vai ser aprobada —e esto que quede moi claro que vai ser así—, debemos rexeitala coa nosa abstención; esto é, negándolle á consulta do día 6, a validez que lle queren outorgar coa participación popular.

Unha Constitución non debe prexusgar de antemán unha forma de Estado sin ter sometida esta a referendum. ¿Quén lle preguntóu ó pobo galego qué clase de Estado quería? Ninguén. Impuxosenos sin máis miramentos a Monarquía, cando en realidade o pobo podería tér outado, poñamos por caso, por unha República.

Pro como deciamos, ó ser aceptada a lei pra Reforma Política polos partidos actualmente no parlamento e os partidos extraparlamentarios ca sua participación nas eleucións do 15 de xunio pra unhas Cámaras —Diputados e mais Senado— cuia misión ian ser a redacción dunha Constitución onde a Monarquía fora a forma de Estado. A Constitución é a instauración de unha Monarquia, as costas do pobo. A responsabilidade é pois de todolos partidos que acudiron a participaren nunhas eleucions que negaban de seu un referendum da forma de Estado distinta a que nos impoñen; QUE NOS IMPOÑEN, ista é a uneca verdade.

Servicio de urxencias en Vigo e comarca

Como saberedes (pola prensa ou radio) istes dias os traballadores de Urxencias e mais o resto do personal da Residencia Almirante Vierna pecharonse pra protestar pola situación sanitaria do servicio.

O problema non ven de agora senon que fai catro anos hastra agora houbo moitas protestas pra que o I.N.P. ou Seguridade Social arranxaran o Servicio de Urxencias pois era inadecuado e insuficiente pra atender ao volumen tan auto de doentes.

Pois ben, o I.N.P. fixo caso omiso das protestas, non arranxando o Servicio e demostrando unha vegada mais que os asegurados lles importan un carallo, e pra o uneco que nos quer é pra que coticemos e iles sacarlle o beneficio.

Cansos xa de agardar sofrindo moitas vegadas malos tratos dos asegurados que teñen a disgracia de acudir a urxencias, os traballadores que pensamos que non teñen ningunha culpa da situación posto que xa o denunciaron en moitas ocasións decidiron pecharse pra protestar e conquerir que o problema sexa solucionado.

Cando estaban pechados o pirmeiro día, recibiron a noxenta visita do inspeutor Blanco, que viu uneca e escrusivamente a ameazalos con mandar vir as F.O.P. (forzas represivas) si de tendian aos doentes ou alteraban o orden, pro nos preguntamos ¿Quen desatenden os asegurados? ¿os traballadores que atenden sin medios e servicios adecuados aos doentes, ou o I.N.P., Seguridade Social en suma o Goberno?

Como nos mostra o retrato a situación e caotica, os doentes en camillas, as camas nos pasillos, doentes con meninxitis tuberculosis etc. misturados con doentes cardiacos, traumatizados, nenos ou vellos, como veredes non fai falla ter coñocemento de meiciña pra decatarse que isto é inhuman 'emais de un verdadeiro terrorismo de Estado.

Unha representación de traballadores de Urxencias, do comité de empresas, partidos politicos, centrales sindicales, asociacións de veciños, e xuntas de veciños entre as que nos atopabamos nós a XUNTA DE VECIÑOS DO CONDADO, fomos a visitar ao inepto direutor Provincial do I.N.P. o cal nos dixo que non era da sua competencia a solución do problema e que como sabiamos tiña moi poucas competencias por estar cer tralizado o poder executivo do I. N. P.

O representante da XUNTA de VECIÑOS do CONDADO pediulle que si se consideraba incompetente pola falla de competencias que lle concede Madrí e a situación da Seguridade Social na Provincia e caotica o mís honrado pola sua banda era dimitir.

A hora de redaitar ista noticia non se sabe ainda a contesta de Madrí, pro supomos que o problema ainda se alongará mais.

Facendo un analisis da situación sanitaria en Vigo e a sua zoa que abarca, todo o Condado, Porriño, Tui, Baixo miño (A Garda, Tomiño, Goian, Nigrán, Baiona) Redondela, Cangas, Moaña, Fazos de Borben, A Cañiza, e Covelo, nos damos conta que pra toda ista estensión de terreo e 600.000 habitantes, soio esisten as 500 camas da Residencia Almirante Vierna é nin unha soia cama en zoas tan estensas e habitadas como o Condado, Baixo Miño, Valle Miñor ou o Morrazo, sin tan siquera un servicio de URXENCIAS nestas zoas que valeiraran un pouco a masificación de enfermos na Residencia.

Como sabedes a OMS di que se debera ter como mínimo 10 camas por cada 1.000 persoas pro iso no no entenden dende Madrí, pois como son os que planifican a Sanidade en Galicia deben pensar que os pobos na NOSA NACION son coma os castelans que están formados por nucleos e sin dispersar.

Demonos conta da cantidade de xente que morreu e sigue a morrer pola tardanza nun traslado dende puntos tan lonxanos como a Garda, Baiona, Crecente Arbo, etc os cales teñen que desprazarse a Vigo.

Nos pensamos que con arranxar o servicio de URXENCIAS non é suficiente, ainda que polo menos os doentes estaran un pouquiño mellor atendidos, a solución estaría en servicos de URXENCIAS descentralizados de Vigo en cada zoa que nomeamos, con un número determiñado de camas e que tivera, traumatoloxía, radioloxía xeral, analitica xeral, pediatría (nenos), toco-xinecoloxía (partos), e meiciña interna eisi como ciruxía menor cun quirofano pra atender a ciruxía de urxencia.

TAMEN A CREACION DOS COMITES DE SAUDE, que se encargarían da prevención, estadísticas, vacunacións, hixiene nos pobos, casas e persoas.

E pra rematar pedir a todo o pobo do Condado que acuda as movilizacións que se celebraran con motivo da loita dunha mellor SAUDE.

Pandeirada da Constitución

Non quero Constitución
que me veña de Madrid;
quero unha Galicia Ceibe
e tamén quérote a tí.
E tamén quérote a tí
miña rosiña encarnada;
quero mar e quero vento,
no a Patria asoballada.
Coa flor do noso traballo
fixemos rico ao patrón;
agora quere esmagarnos
coa sua Constitución.
Compañeiro firme tente
non te deixes engañar
por quen non é merecente
non se debe de votar.
Non votan os de Viveiro
non votan os de Mougás,
non votan os de Santiago
pra que habían de votar.
Por decir viva San Roque
prenderon ao meu Antón,
inda sigue na cadea
Abaixo a Constitución.
Velaiveñen as traineras
ei ven a sardiña toda
ei ven o meu queridiño
ben sentadiño na proa.
Ben sentadiño na proa
trae unha fita na man
con un letreiro que dice:
compañeiros, non votar.
Non votar e non votar,
non e non e non;
nós queremos outra cousa:
autodeterminación.
Arriba pandeiro choco,
abaixo manta mollada
querémo-la independencia
e non esta trapallada.

COMITES CONTRA A CONSTITUCION.

OUTONO 78

Galegos

NON VOTAR

que nos volven

Engañar